

Circular 23/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se modifica a Circular 4/1999 pola que se autoriza ás Escolas Oficiais de Idiomas a permiti-lo acceso ó 2º ou 3º curso do ciclo elemental ás persoas que posúan as titulacións ou estudos de idiomas que se sinalan

A Circular 4/1999 tiña por finalidade establecer medidas para dar resposta ás persoas que desexan acceder ó primeiro ciclo das ensinanzas de idiomas de réxime especial e que xa posúen determinadas titulacións ou estudos. Con posterioridade, a circular 11/1999 ampliou esa norma coa inclusión do idioma portugués.

Como era de esperar, debido á evolución que se produce nos sistemas de certificación ós que se fai referencia no anexo da circular 4/1999, desde a súa publicación producíronse diversas modificacións nas titulacións nel relacionadas, ben por ter xurdido novas ou ben por extinguirse outras.

Por outra parte, no citado anexo aparecen recollidos de xeito erróneo os cursos das ensinanzas de galego de réxime especial ós que se ten acceso no caso de estar a cursar ou ter cursado unha licenciatura nunha filoloxía distinta da galega.

Se ben a situación actual, na que o sistema educativo está pendente de experimentar importantes modificacións que tamén poderán afectar ás ensinanzas de idiomas de réxime especial, aconsellaría a espera desas actualizacións trala publicación e desenvolvemento da nova ordenación do sistema educativo, as demandas que se veñen facendo a ese respecto fan conveniente que se proceda a unha revisión parcial da circular 4/1999.

En consecuencia, esta Dirección Xeral

DISPÓN

Primeiro

Substitúese o anexo da circular 4/1999 polo recollido na presente circular.

Segundo

O alumnado que estea en posesión de calquera certificado diferente dos que se relacionan no anexo poderase beneficiar do acceso asociado a algún destes últimos, sempre que o primeiro reúna as seguintes condicións:

1ª.- Que conte coa oportuna validación, de se-lo caso.

2ª.- Que pertenza a un nivel de estudos superior ó da titulación do anexo da que se pretende facer uso. A resolución desta cuestión corresponderá á dirección da Escola Oficial de Idiomas na que se fai a matrícula, podendo contar, para tal fin, co informe do xefe do departamento do idioma correspondente e as asesorías técnicas de idiomas desta dirección xeral.



3ª.- Que sexa expedido pola mesma institución que estende ou estendía o certificado do anexo do que se pretende facer uso.

Terceiro

Con carácter excepcional, as Escolas Oficiais de Idiomas abrirán no mes de outubro de 2002 un período extraordinario de matrícula para o alumnado xa matriculado para o curso 2002-2003 que poida beneficiarse do disposto na presente circular, se as prazas dispoñibles así o permiten. Para tal fin, as Escolas Oficiais de Idiomas efectuarán entre o seu alumnado a correspondente publicidade do contido desta circular.

Cuarto

Queda derogada a circular 11/1999, así como o anexo da circular 9/1999.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2002

A Directora Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

María Pilar del Mar Pérez Marsó



Anexo

Titulacións que dan acceso directo ó 2º ou 3º curso
do ciclo elemental das ensinanzas de idiomas de réxime especial

Idioma	Titulación	Curso ó que dá acceso
Galego	Graduado en educación secundaria ou equivalente, habendo cursado Lingua galega e literatura	2º
	Curso de Perfeccionamento da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	2º
	Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	3º
	Estar a cursar unha licenciatura en Filoloxía distinta da Filoloxía Galega, ou unha titulación universitaria que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galegas (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	2º
	Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas	3º
	Licenciatura nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galegas	3º
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa	3º
Inglés	<i>First Certificate in English (FCE) University of Cambridge</i>	2º
	<i>Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge</i>	3º
	<i>Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge</i>	3º
	<i>Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)</i>	3º
Inglés (continuación)	<i>Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University</i>	2º
	<i>Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University</i>	3º
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira	2º



Idioma	Titulación	Curso ó que dá acceso
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira	3º
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira - inglés	2º
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa	2º
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	3º
Francés	<i>Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 1er degré</i>	2º
	<i>Diplôme d'Études en Langue Française (DELF) 2eme degré</i>	3º
	<i>Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)</i>	3º
	<i>Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)</i>	2º
	<i>Diplôme Supérieur d'Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)</i>	3º
	<i>Diplôme de Hautes Études Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)</i>	3º
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira	2º
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira	3º
Francés (continuación)	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira - francés	2º
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	2º
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	3º
Alemán	<i>Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	2º
	<i>Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	3º
	<i>Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	3º
	<i>Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	3º
	<i>Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)</i>	3º



Idioma	Titulación	Curso ó que dá acceso
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira	2º
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira	3º
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	2º
	Licenciatura en Filoloxía Alemana	3º
Portugués	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía ou Traducción onde consten 10 créditos ¹ nas materias: Introducción á Lingua Portuguesa, Lingua Portuguesa, Lingua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa.	2º
Portugués (continuación)	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía ou Traducción onde consten 15 créditos* nas materias anteriores.	3º
	Segundo nivel de Cursos de verán (<i>Curso de férias</i>) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da <i>Sociedade da Língua Portuguesa (SLP)</i>	2º
	Segundo nivel de Cursos de verán (<i>Curso de férias</i>) para estranxeiros, estruturados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da <i>Sociedade da Língua Portuguesa (SLP)</i>	3º
	Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa	3º
	<i>Diploma de Língua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)</i>	3º
	<i>Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira (DIPLE)</i>	2º

¹ O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente.



Idioma	Titulación	Curso ó que dá acceso
	<i>Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira (DAPLE)</i>	3º
	<i>Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira (DUPLE)</i>	3º
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa	2º
	Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa	3º
Italiano	2º curso do Instituto Italiano de Cultura	2º
	3º curso do Instituto Italiano de Cultura	3º
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	2º
	<i>Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)</i>	3º
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena</i>	2º
	<i>Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena</i>	3º
	<i>Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3</i>	3º
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira	3º
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana	2º
	Licenciatura en Filoloxía Italiana	3º
Ruso	<i>Tekst po Russkomu Jazyku kak Inostrannomu 1 (TRKI 1-TORFL 1)</i>	2º
	<i>Tekst po Russkomu Jazyku kak Inostrannomu 2 (TRKI 2-TORFL 2)</i>	3º
Castelán	<i>Diploma Básico de Español como Lengua Extranjera (DBE) Instituto Cervantes (IC) e Universidade de Salamanca (CIUS)</i>	2º
	<i>Diploma Superior de Español como Lengua Extranjera (DSE) Instituto Cervantes (IC) e Universidade de Salamanca (CIUS)</i>	3º